

AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL

MODALIDADE B

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PUBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO.

ANO 2017

No Diario Oficial de Galicia do día 27 de abril de 2017 publicouse a orde do 11 de abril pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, **MODALIDADE B**

AXUDAS

20 axudas para contratos de dous anos de duración nunha universidade do SUG, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato nunha universidade do SUG da convocatoria 2013 do programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan I2C, e que permaneceu nel ata o 1 de abril de 2017, acadando unha avaliación positiva e para aquelas persoas investigadoras da convocatoria de 2012 que por circunstancias especiais tivesen concedido o aprazamento da avaliación e acaden unha avaliación positiva.

PROCEDEMENTO DE FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establecece o seguinte **procedemento de presentación de solicitudes**:

A).-Serán os **CANDIDATOS** os que deberán cumprimentar a solicitude e subir a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguiran os seguintes pasos:

PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE (ANEXO IV)

1. Premer no seguinte enderezo electrónico. **Recomendase a utilización do navegador Internet Explorer** :
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=ED&codProc=481D&procedemento=ED481D>
2. A continuación debe premer en: **Iniciar presentación na Sede electrónica.**
3. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:
 - a. **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

- i. **RAZON SOCIAL:** UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- ii. **NIF:** Q1518001A
- iii. **TIPO DE VÍA:** RÚA
- iv. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- v. **NÚMERO:** S/N
- vi. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- vii. **CP:** 15782
- viii. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- ix. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- x. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- xi. **TELÉFONO:** 881816201
- xii. **FAX:** 881816203
- xiii. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.posdoutorais.xunta@usc.es

b. E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a solicitante)

- i. **NOME:** Nome do/a solicitante
- ii. **PRIMEIRO APELIDO:** Primeiro apelido do/a solicitante
- iii. **SEGUNDO APELIDO:** Segundo apelido do/a solicitante
- iv. **NIF:** NIF do/a solicitante
- v. **EN CALIDADE DE:** SOLICITANTE

c. ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

- i. **TIPO DE VÍA:** RÚA
- ii. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- iii. **NÚMERO:** S/N
- iv. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- v. **CP:** 15782
- vi. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- vii. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- viii. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- ix. **TELÉFONO:** 881816201
- x. **FAX:** 881816213
- xi. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.posdoutorais.xunta@usc.es

d. DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

Deben encherse os campos cos datos persoais do candidato/a

e. A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Débese marcar que esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

f. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE.

Debe marcar a documentación que se presenta.

g. A continuación debe PREMIER en GARDAR (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en PRESENTAR (se a continuación quere anexar a documentación).

PASO 2: ANEXAR DOCUMENTACIÓN

Para iniciar o anexo de documentación debe premer no botón **PRESENTAR**, aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de aí deberá proceder a subir os seus documentos.

MOI IMPORTANTE: Recomendase que os documentos estean en formato pdf. Que o título sexa curto, sen acentos e sen guións.

Unha vez anexados todos os documentos debe premer en **GARDAR** e despois en **SAIR**, para volver á páxina de borradores.

PASO 3: OBTENCIÓN DO CÓDIGO DE ACCESO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA USC

A continuación debe premer en **BORRADORES**, e despois no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. **Debe imprimir a pantalla por duplicado e presentalo nos lugares indicados mais abaixo.**

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMIER A TECLA ENVIAR

B).-A documentación que deben subir á SEDE os interesados polo procedemento arriba indicado é a seguinte:

- Documento de solicitude (**Anexo IV**)
- Documento asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda polo que acepta a súa candidatura indicando que a presenta por unha única entidade solicitante no ámbito desta convocatoria, e no cal se faga constar da rama de coñecemento e a área temática ás cales se adscribe así como a declaración opcional do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade. (**Anexo V**).

- Documento asinado polo responsable ou coordinador do grupo de investigación aceptando á persoa candidata a ser destinataria da axuda no seo do equipo de traballo ([Anexo VI](#)).
- Documento asinado polo Director do departamento, unidade de traballo ou equivalente, manifestando a súa conformidade para a integración no seu departamento, unidade de traballo ou equivalente da persoa candidata a ser destinataria da axuda ([Anexo VII](#)).
- Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras asinado pola persoa candidata, das actividades académico investigadoras que a persoa propón realizar durante o período do contrato.
- Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda no modelo normalizado (formato pdf.) preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/> acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados xunto coas copias de publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no CV que se presentarán constituíndo un único documento pdf precedido dun índice. Sinalaranse de xeito expreso e detallado as melloras no currículo vitae durante o tempo contratado no programa de formación posdoutoral do Plan I2C.
- Memoria (extensión de 2.000-3.000 palabras), asinada pola persoa candidata, relativa á actividade de investigación desenvolvida nos anos que foi contratada no programa de formación posdoutoral do Plan I2C. Nesta memoria deberase facer fincapé expreso nos seguintes aspectos:
 - Achegas en forma de artigos orixinais, libros ou capítulos de libro, sobre todo naquelas achegas en que a persoa candidata sexa responsable do traballo ou principal executora. Deberase facer unha breve recensión (de non mais de 500 palabras) da relevancia das achegas deste punto.
 - Actividade da persoa candidata no seo de grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas competitivas das administracións públicas ou de entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando ademais o seu grao de participación nestas accións.
 - Patentes rexistradas, indicando as que están en explotación e destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo tratado de cooperación de patentes (PCT).
 - Actividade formativa da persoa candidata, especialmente a relacionada coa formación de doutores e a dirección de teses de doutoramento.

O certificado da Universidade de que a persoa candidata foi contratada ao abeiro do programa de formación posdoutoral do Plan I2C da convocatoria de 2013 e permaneceu nel ata o 1 de abril de 2017 ou que foi contratada ao abeiro da convocatoria de 2012 e finalizou o seu contrato. non é necesario solicitado remitirse de oficio.

C).-Para que a Universidade poida validar a solicitude, único procedemento para que estea presentada correctamente, unha vez realizados os dous pasos anteriores o interesado deberá ir á páxina de **BORRADORES** e despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de

acceso. ***Debe imprimir esta pantalla por duplicado e presentala*** na Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio CACTUS, Santiago de Compostela/Lugo, **antes das 14 horas do día 22 de maio de 2017**

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Os candidatos a axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter sido seleccionado para unha universidade do SUG na convocatoria do 2013 da etapa inicial de formación posdoutoral: modalidade A ou na convocatoria de 2012 e que por circunstancias especiais se lle concedese o aprazamento de avaliación.
- Que permanecesen no programa ata o 1 de abril de 2017 ou que finalizasen o contrato no caso das persoas investigadoras da convocatoria de 2012 con aprazamento da avaliación.
- Que obtiveran una avaliación positiva en dito programa.

O contrato desenvolverase na mesma universidade e área en que a persoa contratada desenvolveu o seu contrato da etapa inicial de formación posdoutoral. Non se autorizarán cambios de praza e área durante a vixencia do contrato, agás por circunstancias sobrevidas de forza maior.

DATOS DE INTERESE

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

Razón Social:	Universidade de Santiago de Compostela
CIF da USC:	Q 1518001-A
Representante legal	Isabel Rodríguez-Moldes Rey
NIF:	32624207H
Enderezo	Campus Vida s/n, 15782 Santiago de Compostela
Teléfono:	881811000 16201
Telefax:	881816203
Correo electrónico	oit.posdoutorais.xunta@usc.es
Dirección:	Edificio Cactus, Campus Vida
Código Postal:	15782 Santiago

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

OIT: Extensións 16215, 16253, 16252, 16213, correo electrónico: oit.posdoutorais.xunta@usc.es

*Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación*